Guía Didáctica:

Curso de Proxectos Integrados de Investigación, Tratamento e Divulgación da Información

Manuel Torres Búa. 2015

Orde do 4 de xuño de 2015 pola que se convocan licenzas por formación para o curso 2015/16 destinadas ao funcionariado docente non universitario e se aproban as bases de concesión (código ED305B).

*Modalidade 1: **Proxectos individuais** para a creación de materiais curriculares dixitais para educación **primaria e secundaria e atención á diversidade** nestes niveis.*

Contido

1. Presentación do recurso 3

2. Obxectivos Educativos. 3

Obxectivo xeral: 3

Obxectivos específicos: 4

3. Aspectos curriculares 4

Contidos do curso. 4

Encadre curricular 5

Competencias Básicas. 5

4. Orientacións didácticas 6

5. Actividades propostas 7

6. Avaliación e retroalimentación. 7

7. Ferramentas e implementación. 8

Anexo I: 9

Anexo II: 13

1. Presentación do recurso

Trátase dunha *secuencia didáctica*:

De proxectos, tanto nos seus **fins** (desenvolver habilidades relacionadas co traballo en proxectos), coma nos seus produtos **obxectivos** (enfocado á súa aplicación nun proxecto integrado que pretende obter como resultado un produto obxectivo) como na súa **metodoloxía** (a adquisición das competencias crave mediante a metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos).

De información, entendida coma a materia prima obtida a partir dun proceso ordenado a través de datos (e estes a través de signos e códigos), coa que se fabrica o coñecemento, compartido ó traballar cooperativamente, e se contribúe ó saber en xeral. E que abarca todas as fases dende a necesidade: deseño, busca, selección, análise, creación e divulgación; resumidamente: **investigación tratamento** e **divulgación** da información. Nace en paralelo e se apoia no ***currículo*** da materia de libre configuración autonómica ***Investigación e Tratamento da Información***, inda que cunha metodoloxía propia e cunha finalidade que vai máis alá da propia materia, xa que se concibe como un recurso que se pode empregar inda que non se oferte esta.

No tocante ó tipo de recurso ofrecemos un ***Recurso Educativo Dixital Aberto***, é dicir:

> *"Recursos para a ensinanza, a aprendizaxe e a investigación que están aloxados nun espazo virtual público elaborados cunha licenza que permite a outras persoas o uso libre e, no noso caso, a manipulación, cos mesmos propósitos cos que se creou no seu inicio. Está constituído, como tal, por Contidos educativos, Ferramentas e Recursos de Implementación."*[1]

Creouse en base a tecnoloxías abertas e se concibe coma un recurso dinámico e interactivo. Creado a partir de achegas inéditas e recursos compartidos, modificados e adaptados. Preparado á súa vez para compartir, modificar e adaptar. É dicir:

> *"Créase mediante adaptación e posterior xeración de recursos para a aula, poñendo estes ao servizo da innovación pedagóxica a través de espazos de cooperación, intercambio e difusión. Aplícanse metodoloxías innovadoras (traballo por proxectos e metodoloxías activas) de éxito educativo, apoiadas en recursos educativos abertos que serven de modelo. Os recursos educativos abertos teñen como obxectivo dotar aos alumnos de capacidade, criterio e ferramentas nun mundo onde o acceso ao coñecemento é ilimitado. Os alumnos convértense así en creadores de coñecemento."*[2]

2. Obxectivos Educativos.

Obxectivo xeral:

> *Servir de recurso guía e de escenario virtual para o desenvolvemento de proxectos de investigación e tratamento da información.*

[1] Definición elaborada a partir de *"Eduteka - Recursos Educativos Abiertos (REA)."* [Online]. Available at: http://www.eduteka.org/OER.php. [Accessed: 15-Jul-2015].
[2] Elaborado a partir do proxecto EDIA (Éxito educativo, innovador e aberto), do CEDEC. (http://cedec.ite.educacion.es/

Obxectivos específicos:

a) *Converterse no marco ou espazo idóneo para o adestramento da competencia en investigación e tratamento da información, ben coma parte dun programa de alfabetización dixital – informacional nalgunha materia (específica ou non) ou na biblioteca; ben para o desenvolvemento de proxectos de investigación.*
b) *Facilitar o traballo en alfabetización dixital e informacional mediante metodoloxías activas.*
c) *Propoñer tarefas que promovan a gamificación na formación documental e investigadora introducindo metodoloxías lúdicas e motivadoras.*
d) *Compilar e facilitar ferramentas presentes para a busca, selección e tratamento da información; así coma para a creación, co-creación, e publicación de contidos.*
e) *Contribuír ó desenvolvemento de proxectos grupais que permitan a adquisición de coñecemento compartido, apoio mutuo, colaboración, intercambio e motivación cara un obxectivo final.*
f) *Facilitar o traballo da biblioteca do centro como promotora e acolledora de actividades de alfabetización informacional e dixital, formación de usuarios e proxectos integrados.*

3. Aspectos curriculares

Contidos do curso.

0.- Introdución.

0.1.- Os proxectos e o seu método.
- Proxectando.
- Que é un proxecto?
- Como abordamos un proxecto?
- O ciclo de vida dun proxecto.
- Que require e que nos achega un proxecto?
- Organizar, Programar e Controlar.
- O método de proxectos.
- Autoavaliación.

0.2.- Os grupos de traballo.
- Colaborando.
- O traballo colaborativo en grupos.
- Etapas nos grupos.
- Resolución de conflitos.
- Constitución do grupo.
- Autoavaliación.

0.3.- A investigación.
- Investigando.
- Dato, información e coñecemento.
- O proceso de investigación.
- Autoavaluación.

1.- Definimos.

1.1.- A proposta.
- Buscando problemas.
- Que é un problema?
- A proposición inicial.
- Secuencia IDO.
- Divide e vencerás.
- Proceso de definición da proposta.
- Documentación
- Algunhas propostas interesantes.
- Autoavaliación.

1.2.- Os recursos.
- Buscando as fontes.
- Detectamos as necesidades de información.
- Tipoloxía de fontes de información.
- Seleccionamos as fontes.
- Definimos os criterios de busca.
- A rede de redes: fonte de información.
- Autoavaliación.

2.- Deseñamos.

2.1.- Deseño do produto.
- Creando
- O deseño
- Xerando ideas
- A creatividade
- Avaliando as ideas.
- Selecionando ideas
- Documentación da fase
- Autoavaliación.

2.2.- A planificación.
- Planificando.
- Proceso de planificación.
- Documentos para a planificación.
- Ferramentas para a planificación.
- Vocabulario básico para un planificador
- Autoavaliación

CC BY SA

3.-Buscamos e analizamos.

3.1.- A busca.

- Buscando
- Exploramos as fontes
- Valoramos as fontes.
- Seleccionamos a información.
- Rexistramos a información.
- Buscar na rede.
- Resumo do proceso.
- Autoavaliación.

3.2.- A análise.

- Analizando.
- Extraemos e organizamos a información.
- Transformamos.
- Algunhas ferramentas.
- Autoavaliación.

4.- Creamos e divulgamos.

4.1.- A execución do produto.

- Executando.
- O proceso de execución.
- Instrumentos
- Xestión dos eventos.
- O produto.
- Finalización do proxecto.
- A memoria do proxecto.
- Autoavaliación.

4.2.- Divulgación.

- Divulgando.
- O proceso de divulgación.
- A publicación.
- A presentación.
- Autoavaliación

5.- Avaliamos.

5.1.- Avaliación.

- Avaliando.
- Os procesos de avaliación.
- A avaliación final.
- O control de calidade.
- Autoavaliación.

Encadre curricular

Este recurso cumpre co currículo da materia de libre configuración autonómica ***Investigación e Tratamento da Información*** , deseñada para 1º ou 2º da ESO, e cunha carga horaria, segundo o currículo vixente para a as materias de libre configuración autonómica da ESO, dunha sesión semanal.

Tal e como se recolle no *Currículo Oficial da Educación Secundaria e do Bacharelato en Galicia* ; *son elementos transversais a traballar en todas as materias, entre outros aspectos, ... a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento,...* Deste xeito aparecen na práctica totalidade das materias presentes en 1º e 2º da ESO elementos curriculares referentes á *busca*, *selección* e *tratamento* da información, a *investigación* e o *emprego das tecnoloxías da información e da comunicación*. O recurso que estamos presentando sería útil para os obxectivos relacionados con estes aspectos de ***case todas as materias de 1º e 2º da ESO***.

A **Biblioteca Escolar**, que busca converterse no verdadeiro centro de recursos informacionais e de investigación dos centros; recolle nos seus obxectivos e programas a formación de usuarios, a dinamización e a pilotaxe de proxectos documentais e programas de alfabetización informacional - dixital; nun binomio dificilmente separable hoxe en día. Este recurso é adecuado tamén para o ***traballo das Bibliotecas Escolares dos centros educativos***.

Finalmente estamos ante unha etapa na que se tende a potenciar o traballo por proxectos, os obxectivos comúns de centro e a multidisciplinaridade. Este recurso pode servir de ferramenta e marco para desenvolver ***proxectos de investigación e divulgación multidisciplinares entre varias materias.***

Competencias Básicas.

Tal e como se recolle no *currículo de Educación Secundaria* vixente, unha **competencia** é a *combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan*

Manuel Torres Búa. 2015

conxuntamente para lograr unha acción eficaz..... conceptualízanse como un ***saber facer*** que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

Esta recurso busca desenvolver a ***competencia dixital***, en canto que traballa aspectos relacionados coa información, a súa busca, análise e divulgación. Tamén a comunicación, a creación de contidos dixitais, a seguridade e legalidade na creación de contidos e a rede, a resolución de problemas.

Tamén traballaría a ***competencia lingüística*** relacionada coa práctica da busca e interpretación de información, e de creación e divulgación de contidos. A ***competencia de aprender a aprender*** en canto ó traballo mediante proxectos, asumindo roles, funcións e responsabilidades e pilotando a súa propia aprendizaxe, á vez que se colabora na aprendizaxe colectiva do grupo. As ***competencias sociais e cívicas*** polo que respecta ó traballo colaborativo, os proxectos vinculados á súa realidade, as prácticas responsables respecto ó emprego da información, á legalidade e autoría, a conciencia de contribución ó saber, ...O ***sentido de iniciativa e espírito emprendedor*** se traballa mediante as dinámicas proxectuais e metodoloxías activas, a implicación nas tarefas dos proxectos e a toma de conciencia da propia evolución. A ***conciencia e expresións culturais*** en canto se traballa na propia creación e se valoran as creacións alleas; á vez que se coñece e aborda os espazos culturais onde se atopa información e se transforma en coñecemento en saber. A ***competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*** se traballan mediante o emprego de tecnoloxías activas, os sistemas de tratamento da información, os algoritmos de busca; ademais da abordaxe dos ámbitos científicos e tecnolóxicos para a busca e selección e información.

Todas estas competencias se traballan de forma xeral, independentemente de que o recurso ou os proxectos que con el se propoñan incidan en maior ou menor medida nunha ou noutra.

4. Orientacións didácticas

Este curso está concibido como un recurso aberto para implementar de máis a menos. É unha estrutura organizada en base ao proxecto montada nun curso virtual Moodle e preparada para completar e modificar por parte do/a profesor/a. Nela se inclúen paquetes de contido (12 paquetes) que deben ser adaptados polo usuario docente. Están realizados en ExeLearning e se inclúen neste formato e , exportados, en formato web, e nos estándares educativos Scorm e IMS. Nos contidos aparecen recursos animados tipo flash, creados cun software de presentacións, polo que se inclúen tamén os diferentes arquivos en formato .odp (impress). Tamén se incluíron moitos modelos de documentos para o traballo nas distintas fases de proxecto. Están todos estes documentos en formato .odf (Writer). Finalmente empregáronse, nos recursos editables, fontes tipográficas libres que taméns e adxuntan.

Con todo o visto, este curso, esta estrutura preconfigurada, está agardando a que o/a docente a personalice para cumprir a súa función, modificándoa, completándoa con tarefas e actividades, modificando, recortando, adaptando ou ampliando os contidos, etcétera.

A aplicación didáctica fundamental é a elaboración e seguimento de proxectos de investigación e tratamento da información. Serve para adestrarse no traballo con proxectos , en paralelo ao desenvolvemento do propio. En especial pode ser un punto de coordinación en proxectos integrados e interdisciplinares.

A parte deste fin principal, pódese empregar o curso ou parte do mesmo para calquera aplicación didáctica na que se queira traballar sobre os proxectos, sobre a investigación documental, ...

5. Actividades propostas

Proxectos interdisciplinares de investigación, tratamento e divulgación da información, empregando os contidos e a estrutura do recurso. Neste caso habería que incluír todas as tarefas necesarias para ir completando o proxecto, seguindo a súa estrutura e aproveitando os modelos de documentación que se inclúen, ou ben aplicacións específicas.

Tarefas e actividades relacionadas con cada un dos bloque do recurso: para a comprensión do método de proxectos, sobre técnicas de traballo en grupo, sobre as investigacións, sobre os problemas e necesidades que orixinan proxectos, sobre os recursos documentais, sobre o deseño de produtos, sobre técnicas e estratexias de planificación, sobre destrezas de busca de información e a súa análise, sobre a creación de produtos de diferentes tipos, sobre a difusión e presentación públicas,...

De especial interese é o análise de proxectos realizados por outros. Algunhas actividades poden estar relacionadas coa busca e estudo de proxectos ITI. Pódese , por exemplo, crear unha base de datos de proxectos en Moodle.

Tamén pode ser enriquecedor realizar actividades encamiñadas a familiarizarse co mundo dos proxectos en xeral. Pódese empregar a ferramenta glosario para definir termos relacionados con algún aspecto das fases do proxecto.

Por último comentar que unha ferramenta excelente para o traballo en proxectos integrados, en grupos de traballo; especialmente para a autoavaliación, coavaliación e heteroavaliación, tal e como se expón nesta guía, é a ferramenta ***taller*** de Moodle. Desgraciadamente a versión de Moodle coa que se traballa nos centros neste momento (1.9.7) non permite empregar esta ferramenta. En versións posteriores é un recurso que funciona de forma excelente e se está a empregar noutros ámbitos. Seguimos agardando a actualización das nosas plataformas virtuais ...

6. Avaliación e retroalimentación.

A avaliación forma parte do proceso e orienta de forma permanente a aprendizaxe, polo que contribúe en si mesma á mellora do rendemento. Para lograr isto, a avaliación debe ser continua e estar atenta á evolución. Este recurso está pensado para facilitar esta labor de retroalimentación da avaliación no propio proceso que permita reorientar o traballo, e así se explica nos propios contidos.

Respecto ós momentos nos que avaliar podemos ter primeiro unha Avaliación Inicial, tanto ó inicio do curso, coma ó inicio de cada módulo, e/ou de cada etapa que consideremos, mediante aquelas actividades que o/a docente considere.

A Avaliación Formativa lévase durante o proceso de ensino-aprendizaxe e o seu principal obxectivo é, precisamente, regular este proceso para adaptalo ás necesidades do alumnado. O feito de tomar a avaliación formativa como un sistema de actuación e non como un instrumento pon de manifesto a súa relevancia. O traballo nas diferentes fases de proxecto leva aparellados momentos de avaliación, con multitude de *feedback*, que se explican en cada parte.

A Avaliación Final permitirá precisar o grao no que se van alcanzando os obxectivos perseguidos nos aspectos mencionados anteriormente

Respecto a quen avalía temos, en diferentes momentos e con diferentes recursos: **autoavaliación, coavaliacións** entre os membros do grupo e ***heteroavaliación***. Respecto ós Instrumentos de Avaliación temos os mencionados no apartado de conti-

dos: autoavaliacións con actividades intercaladas, ...; avaliacións inicial coas tarefas e actividades de inicio que o/a docente propoña; tarefas propostas, tarefas de grupo, producións individuais e grupais, ...

Respecto a que avaliar, se somos honestos cos obxectivos e a propia característica do traballo mediante proxectos avaliaremos fundamentalmente a adquisición de competencias por medio das tarefas, de acordo cos criterios e estándares regulados no currículo. Valoraremos o grao en que "saben facer". Valoraremos tamén as producións propias e grupais. Teremos moi en conta a compoñente actitudinal, coidando especialmente o cumprimento de compromisos e o traballo en grupo.

A importancia da avaliación no recurso se manifesta cando se inclúe como parte dos contidos, como actividades necesarias ao longo do proxecto. Temos un bloque final de avaliación para o remate do proxecto onde se realizan estas avaliacións finais dende multitude de puntos de vista.

7. Ferramentas e implementación.

Está deseñado para a súa implementación de máis a menos. Trátase de obxectos dixitais que permiten a súa selección (e modificación), pudendo constituír a base de calquera aplicación didáctica relacionada con proxectos informacionais. Ten unha estrutura modular. Partindo dun deseño baseado na metodoloxía de proxectos, estrutúrase a secuencia en bloques. Cada bloque ten un deseño enfocado cara ó traballo cun proxecto, que se rematará ó final de cada período. Respectando esta estrutura base, os diversos elementos pódense escoller ou rexeitar, substituír ou modificar e ampliar

Ademais de poder seleccionar contidos, actividades e propostas; todos estes elementos son adaptables e modificables e están creados con tecnoloxías abertas e cunha licenza CC BY-SA que o permite. Empregarase software libre para a creación dos recursos (***exeLearning***, ***libreoffice***, ***ganttproject***), e para a propia estrutura da secuencia e configuración mediante a tecnoloxía de cursos virtuais ***Moodle***. Os recursos creados, ademais de poderse modificar directamente co software co que se crearon, aparecerán noutros formatos compatibles habituais, (paquetes de contido IMS, páxinas web e Scorm), para o seu uso.

Empregáronse nos documentos editables, fontes tipográficas libres, que se adxuntan.

Con respecto á máquina; crearemos o recurso para que se poida traballar con calquera hardware de calquera equipo estándar dos que existen habitualmente nos centros: fixos, portátiles, miniportátiles Abalar.

No **anexo I** detállanse os *idevices* empregados en exeLearning, mediante o ***estilo FPD***, (que nos pareceu o máis axeitado), e que uso se lles deu.

No **anexo II** amosamos unha vista xeral do curso montado en Moodle.

Anexo I:

Idevices empregados nos paquetes de contido. Estilo FPD

Destacado. Lo usamos como recursos en la exposición, no como idevice específico.

(En negrita para que tenga efecto real de destacado.)

Descatacados en los párrafos.

Resaltados en párrafos. También para señalar apartados o etiquetas cuando es necesario.

Importante

Cuando queremos destacar algo de manera especial. Una definición, una idea fundamental,... Puede contener la etiqueta "importante", el nombre de lo que estamos definiendo o sólo el icono, según la situación en la exposición de contenidos.

Sabías que?

Para explicaciones de casos concretos, de la vida diaria, llamativas, históricos ... Para acercar el tema al ámbito del alumno. No debe ser contenido básico. Puede venir con la etiqueta Sabías que?, Curiosidad, o sólo con el icono.

Para saber más

Contenido de ampliación sobre los mínimos. Puede ser una explicación, una presentación , vídeo o un enlace externo. Puede ven ir con la etiqueta Para saber más.. o sólo con el logo.

Reflexiona

Realizamos una pregunta reflexiva, una cuestión sobre la que hay que indagar. No necesariamente requiere que la alumna dé una respuesta. Puede tener retroalimentación o no.

Retroalimentación del reflexiona.

Lectura

Un texto, una presentación o un vídeo complementario de lo que se está explicando.

Ejemplo.

Puede ser un ejemplo, un ejemplo resuelto, un ejercicio o un ejercicio resuelto. Puede llevar estas etiquetas o no. Los cálculos numéricos cuando los hay se explican mediante este i-device y sus retroalimentaciones. En algunos casos se usa como autoevaluación ya que su formato permite incrustar autoevaluaciones externas que otros i-devices no permiten.

En esta parte se describe la actividad del ejercicio.

Aquí se pone la solución. Si dejamos esta parte de retroalimentación den blanco no aparece y sería un **ejercicio propuesto**, en vez de un ejemplo.

Este i-device que sería para "caso práctico" lo usamos para contar historias de tipo introductorio al tema.

Autoevaluación

Cualquier actividad interactica de autoevaluación., espacios en blanco, V F, test, ... Puede llevar la etiqueta *Autoevaluación*, *AV*, específicamente el tipo de pregunta o sólo con el icono.

Texto para dejar espacios en blanco .

Reiniciar Mostrar las respuestas

Su puntuación es 0/1.

Texto de retroalimentación.

Galería

Recomendación

Consejos, indicaciones, normas incluso para realizar algún trabajo. Pueden llevar la etiqueta o no.

Anexo II:

Vista da estrutura do curso en Moodle.

Esquema de tema

Curso:

Proxectos integrados de investigación, tratamento e divulgación da información.

Foro de novas

Algúns materiais de interese:

- Obxectivos do curso.
- Contidos do curso.
- Documentos para o proxecto.

Introdución

Este curso é unha secuencia didáctica para **aprender, adestrarse e desenvolver *Proxectos de Investigación, Tratamento e Divulgación da Información*.** Contén os elementos útiles para achegarnos ao mundo dos proxectos e, concretamente, aos proxectos que teñen como compoñente destacado a investigación documental. Está deseñado para que nos acheguemos de forma paulatina a este tipo de proxectos, ensalando as nosas habilidades e desenvolvendo, á par que avanzamos, un **proxecto ITI**.

- O Método de Proxectos.
- Os Grupos de Traballo.
- A Investigación.

1

Definimos.

Introdución

Partindo dunha proposición inicial, dun problema ou dunha necesidade que pretendemos resolver; o primeiro que teremos que facer é **definir correctamente o que se nos pide**. Estudaremos o problema desde diferentes puntos de vista para conseguir unha **proposta** que arrinque o proxecto. A proposta constará do ***obxectivo*** do proxecto e dos ***condicionantes*** cos que teremos que traballar. Nesta fase de definición estudaremos os ***recursos de información*** que temos ao noso alcance e que nos poden axudar no labor investigador do proxecto.

Contidos

- A Proposta.
- Os Recursos.

Tarefas

Ampliación

Comunicación

Foro de dúbidas: DEFINICIÓN.

2

Deseñamos.

Introdución

No deseño **definiremos completamente** o **produto** co que pretendemos acadar o obxectivo do proxecto, e solucionar así o problema que lle dou orixe. Trátase dun **progresivo achegamento** dende as ideas máis superficiais ata a idea grupal que se desenvolverá. Mediante a **planificación** prepararémonos para executar convenientemente o produto deseñado.

Contidos

- O Deseño do Produto.
- A Planificación.

Tarefas

Ampliación

Comunicación

Foro de dúbidas: DESEÑO

3

Buscamos e analizamos.

Introdución

Para poder crear o produto deberemos **valorar que tipo de información necesitamos**, en que fontes a podemos atopar e en que localización están esas fontes. Realizaremos unha **busca sistemática** encaminhada a **seleccionar** a información desexada e **rexistrala**. Nunha segunda fase **analizaremos** esta información e a prepararemos para que se poida empregar na execución do produto.

Contidos

- A Busca.
- A Análise.

Tarefas

Ampliación

Comunicación

Foro de dúbidas: BUSCA E ANÁLISE.

4

Creamos e Divulgamos.

Introdución

Seguindo a planificación, e empregando o resultado do análise da información, procedemos a executar ou crear o noso produto, mediante a realización da secuencia lóxica de tarefas que se recolle no *planning*. Levaremos un **diario de traballo** e un **rexistro de tarefas** co obxectivo de detectar os avances e os problemas que poden, e deben, levar á realización de modificacións e a **reprogramar** o **proxecto**. O produto cumprirá o seu obxectivo como resultado final do proxecto cando sexa **divulgado** convenientemente, segundo as características propias do mesmo.

Contidos

- A Execución.
- A Divulgación.

Tarefas

Ampliación

Comunicación

Foro de dúbidas: CREACIÓN E DIVULGACIÓN.

5

Avaliamos.

Introdución

A **avaliación** é a etapa final do proxecto, onde o **valoramos**, valoramos o **produto** como resultado do mesmo, o **traballo** en grupo e a **achega individual** de cada membro e do/a profesor/a. O obxectivo é poñer en valor o traballo e a evolución do proxecto, comprobar que se cumpriu o encargo, ser conscientes das propias aprendizaxes e prepararse, axudando tamén a outros, para novos proxectos de calquera tipo.

Contidos

- A Avaliación.

Tarefas

Ampliación

Comunicación

Foro de dúbidas: AVALIACIÓN.

6

Para rematar...

Avaliando o curso

7

Licenza

Manuel Torres Búa. 2015

Este obra está baixo unha licenza de Creative Commons Recoñecemento Compartirigual 4.0 Internacional.

Quedan fora desta licenza os textos, imaxes, recursos... que manteñen a súa propia licenza, sinalada en cada caso.

Úsanse imaxes e recursos de producción propia, que se fan públicos con licenza CC BY-SA, outras de dominio público, con licenza creative commons, GNU... tomados prefentemente de bancos de recursos educativos abertos. Tamén se empregan ---acolléndose ao "Dereito de cita" [1] --- imaxes, e recursos diversos de diferentes páxinas web, e se enlaza a súa licenza ao pé dos propios recursos, que manteñen íntegramente.

8

Recursos para profes

- Manuais de consulta.
- Recursos para rúbricas.
- Recursos sobre proxectos.
- Recursos sobre Investigación - tratamento - Divulgación da información.

Módulo en construcción...

*Este é un curso virtual para o o alumnado da ESO sobre a **realización de proxectos de investigación, tratamento e divulgación da información**. Trátase dun recurso que permite adentrarse no mundo dos proxectos, servindo de guía para a realización dunha proposta integrada.*

Últimas noticias

Engadir un tema novo...
(Aínda non foron publicadas noticias)

Calendario

Febreiro 2016

L	Ma	Me	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29						

Clave de eventos

Global · Curso · Grupo · Usuario

Próximos eventos

No hai eventos próximos

Ir ao calendario...
Novo evento...

Actividades

- Encuestas
- Foros
- Recursos

Mensaxes

Sen mensaxes á espera
Mensaxes...

Administración

- Activar edición
- Configuración
- Asignar papeis
- Cualificacións
- Resultados
- Grupos
- Copia de seguranza
- Restaurar
- Importar
- Restabelecer
- Informes
- Preguntas
- Ficheiros
- Perfil